

# Bloque

## A Guarda

Número 2. Epoca 1ª / Novembro 2008

“A nova Casa do Concello debe estar nun emprazamento funcional e con amplo aparcamento”

Envío Postal sen enderezo

## A Casa dos Alonsos no é o lugar adecuado para a nova Casa do Concello

No pleno extraordinario celebrado o 5 de setembro, cos únicos votos a favor do grupo socialista aprobouse a transformación do edificio da Casa dos Alonsos na nova sede do Concello da Guarda. Nun acto máis de prepotencia do grupo de goberno, adoptouse unha medida de gran transcendencia para o noso concello, sen tratar de buscar o mínimo consenso coas outras forzas políticas e o que aínda é máis grave, sen estudos rigorosos que aconsellen acometer unha obra de tal importancia no lugar que se vai facer.

Sen entrar a discutir se o investimento que supón facer unha nova Casa do Concello é a prioridade que ten que afrontar nos tempos que corren o goberno municipal da Guarda, calquera entende que de plantexarse tal iniciativa debería levarse adiante coa máxima cautela, tratando de buscar o maior consenso posíbel



Edificio da Casa dos Alonsos

coa xente da Guarda e coas forzas políticas que a representan.

A Casa dos Alonsos non é o lugar máis idóneo para ser a sede da nova Casa do Concello, porque carece de aparcamentos para os veciños e veciñas que alí acudan e para o persoal municipal, porque nese entorno xéranse conxestións de tráfico de imposíbel solución nas horas en que este está aberto ao público. Os veciños e as veciñas de Salcidos, da Gándara, de Camposancos e doutros lugares precisan utilizar o coche para ir á Casa do Concello e no entorno da Praza do Reloxio cada día é máis difícil aparcar. A nova Casa do

Concello debería en todo caso estar nun emprazamento, funcional e con amplo aparcamento.

É incomprensíbel que o alcalde e o seu grupo de goberno teñan tan pouca visión de futuro ante un proxecto que vai significar un cambio de carácter histórico. Unha obra que vai supor un investimento tan importante que debe afrontarse dun xeito serio, debe velar por gastar os cartos dos contribuíntes con criterio, facendo estudos rigorosos sobre a súa idoneidade. E debe escoitar as voces que defenden unha ubicación alternativa.



Edita: BNG A Guarda

## A Consellería de Cultura impulsa definitivamente o Plan Director do Trega

A Consellaría de Cultura e Deporte, dirixida pola nacionalista Ánxela Bugallo, pon en marcha a redacción do Plan Director do monte Sta. Trega.

O obxectivo do Plan Director do monte Sta. Trega é o de establecer as liñas de actuación a desenvolver neste espazo. O plan, que contará cun orzamento de 232.000 euros será redactado por un equipo interdisciplinar dirixido por un arquitecto e no que participarán especialistas en arqueoloxía, historia, restauración, musealización e xestión cultural, entre outros.

O Plan Director fixará as pautas para a posta en valor do conxunto, fará unha análise da situación actual e das potencialidades dos valores culturais, paisaxísticos, naturais e turísticos do espazo. Ademais, establecerá a creación dun parque

“O Plan Director fixará as pautas para a posta en valor do conxunto”



Felipe Arias, Dtor. Xeral de Patrimonio, con Xan Lois Lomba, Portavoz municipal e Cándido Verde, membro do consello local do BNG

cultural aberto que contemplará un Centro de Interpretación do conxunto na Casa Forestal.

Para o BNG é unha profunda satisfacción a licitación

do Plan Director que da cumprimento ao compromiso da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellaría de Cultura na reunión celebrada entre o portavoz municipal do BNG, Xan Lois Lomba, e o Director Xeral de Patrimonio, Felipe Arias.

## O PSOE mantén o trazado inicial da vía de alta capacidade proposto polo PP

ue o trazado que vai discorrer polo concello da Guarda é o mesmo que resentado polo Partido Popular no ano 2004.

E tamén que o PSOE e, nomeadamente o actual alcalde, Xosé Manuel Freitas, daquela na oposición manifestaron a súa desconformidade con este trazado e apostaban por levar a vía de alta capacidade polo monte. Agora, no goberno do Concello e desde a Consellaría de Política Territorial, de

responsabilidade do Psoe, traen a estrada por onde a trazou o PP.

Para o BNG o proxecto que agora presenta a Consellaría de Política Territorial, dirixida pola socialista M<sup>a</sup> José Caride, é claramente mellorábel, polo que presentou unha serie de alegacións co obxectivo de que a Gándara se vexa o menos prexudicada posíbel.

Entre as alegacións presentadas solicítase o mantemento da Fonte

Bieita, que non invada terreos do futuro polígono industrial dedicados a zonas verdes, así como a modificación dunha glorieta na Biscorca.

Outra das medidas solicitadas pola formación nacionalista é un proxecto de reposición de servizos no que se inclúan a reparación de presas de auga, accesos ao monte comunal e privado, terreos agrarios e accesos existentes aos núcleos de poboación.

## O Alcalde da Guarda ten paralizado o Plan Xeral de Urbanismo

Desde que comezou este mandato municipal foi permanente a preocupación do BNG para que o goberno municipal da Guarda continuara coa tramitación do Plan Xeral de Urbanismo.

Un dos grandes argumentos do Psoe, en boca do actual alcalde, na campaña electoral era a urxencia que tiña a Guarda dun novo plan de urbanismo. Hoxe en cambio a paralización é total, e o peor de todo, total ausencia de información e documentación sobre o novo Plan Xeral que o goberno socialista ten estancando e que necesariamente vai provocar que tampouco se aprobe neste mandato. Sorprende e preocupa a falta de interese do

alcalde e do seu grupo de goberno para sacar adiante o novo Plan Xeral e tamén sorprende e preocupa que continúen a mesma liña do anterior goberno do PP de manter paralizado un proxecto que era daquela e segue sendo hoxe vital para os veciños e veciñas da Guarda e para a ordenación do noso concello.

Contrasta a falta de dilixencia coa que actúa o goberno municipal socialista coa inexplicable presa que tiveron cinco días antes das eleccións municipais para aprobar da man do PP o convenio urbanístico dos Xesuitas do que dicían daquela e seguen afirmando, os nacionalistas, que é de dubidosa legalidade.



Xan Lois Lomba, portavoz municipal do BNG

“Aprobar un novo Plan Xeral de Urbanismo foi a gran promesa do PSOE nas eleccións”

## O BNG rexeita a circunvalación proposta pola Consellería de Política Territorial

DDurante o pasado mes de xullo foi presentada o tramo da vía de alta capacidade da Guarda, que corresponde a circunvalación que vai dende o barrio da Gándara até As Loucenzas atravesando o Monte Torroso.

O primeiro que hai que sinalar é que o informe de tráfico que aparece na memoria do proxecto non indica os vehículos que atravesan o concello, -soamente fai referencia aos vehículos que pasan por un punto determinado tanto nas saídas de Baiona coma na Tui- dato absolutamente imprescindible para saber cantos vehículos atravesan realmente A Guarda, o que en todo caso xustificaría a necesidade dunha circunvalación destas características.

O trazado escollido pola Consellaría, que dirixe a socialista M<sup>a</sup> José Caride, optou por un dos trazados con máis impacto ambiental, visual e paisaxístico que contempla cortes no monte de máis de 30 metros de profundidade, sendo unha solución totalmente desmesurada, que provocará unha auténtica desfeita no monte Torroso.

O BNG considera que os cartos públicos deben gastarse de xeito racional, para elo hai que analizar cales son as necesidades do noso concello en canto a infraestruturas viarias e este proxecto de circunvalación que se propón non

vai solucionar os problemas de tráfico que soporta A Guarda ou polo que hai que decidirse por outro deseño menos agresivo co ambiente e acompañado doutras medidas como aparcamentos públicos, unha saída sur no porto e un plan de tráfico, entre outras cuestións.

O BNG presentou alegacións nas que se rexeita o trazado de circunvalación escollido pola Consellaría e solicitou un novo trazado atendendo á realización dun novo informe de tráfico, serio e rigoroso no que figure cal é o tráfico que realmente necesita circunvalar A Guarda.

“O trazado escollido vai provocar cortes no monte de máis de 30 metros de profundidade”



## A Contracapa

### O BNG eloxia a inclusión da Guarda no programa “Xantar na Casa”

A Guarda vai ser un dos 90 concellos de Galiza na primeira fase do programa “Xantar na Casa”, que pretende implantar no país a Vicepresidencia da Xunta.

Neste senso, o portavoz dos nacionalistas, Xan Lois Lomba, destacou a importancia desta decisión porque é un recurso que vai facilitar unha alimentación equilibrada e saudábel para as persoas maiores con produtos de 1ª calidade.

Os principais obxectivos deste programa pasan por favorecer a autonomía persoal, garantindo a permanencia

no fogar; facilitar un respiro ás familias cuidadoras e axudar á conciliación laboral e familiar dos cuidadores; e potenciar hábitos saudábeis. Lembra Xan Lois que cada usuario pagará, como máximo, 54 euro ao mes polo seu menú diario, adaptado ás súas necesidades.

“Cada usuario pagará, como máximo, 54 euros ao mes”

O programa Xantar na Casa é froito da colaboración institucional na liña de cooperación e diálogo promovida desde Vicepresidencia. Así, serán os servizos sociais municipais os que seleccionen ás persoas beneficiarias do programa, mentres que o Consorcio Galego de Benestar xestionará a prestación do servizo e realizará o seguimento do mesmo.

### A Consellería do Medio Rural mellorará rúas no barrio do Castro

A Consellería do Medio Rural, dirixida polo nacionalista Alfredo Suárez Canal, asinou un convenio co Concello da Guarda para acometer obras de mellora nas rúas Outeiro e Castiñeira no barrio do Castro.

As obras consisten, funda-

mentalmente, na mellora do abastecemento no Outeiro e de saneamento en Castiñeira.

O investimento a cargo da Consellería vai supoñer máis de 70.000 euros.

Estas actuacións están enmarcadas dentro do Plan de Infraestruturas no Medio Rural. Dito plan ten como obxectivo dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside no rural e contribuír a fixar poboación nestes lugares.

“A inversión a cargo da Consellería vai supoñer 73.924,55 euros”

Iniciativas de Olaia Fernández Davila no Congreso

### O BNG aposta por mellorar o esteiro do Miño

A Deputada do BNG no Parlamento Español, Olaia Fernández Davila, presentou unha serie de iniciativas no Congreso de Deputados sobre o dragado da desembocadura do río Miño, a Senda Litoral do río Miño e unha interpelación urxente para debater en pleno a posición do Ministerio de Medio Ambiente sobre os proxectos de mini-centrais hidroeléctricas.

As numerosas agresións medio-ambientais, tais como as centrais hidroeléctricas, que durante anos alteraron as súas correntes provocaron o depósito de sedimentos na súa desembocadura e produciron unha auténtica barreira que impide o paso dos peixes que realizan o desove no río.

O sector pesqueiro que realiza a súa actividade no río leva tempo reclamando a realización dun dragado que limpe esta parte da desembocadura do río Miño. O dragado contribuíría á mellora ambiental así como o desenvolvemento normal do ciclos reproductivos das especies pesqueiras da zona e a necesaria rexeneración do ecosistema do río.



Hortensia Díaz, membro do BNG na rúa Outeiro

Como contactar co BNG da Guarda:

R/ Manuel Lomba, 2-1º

32780 A Guarda

Correo electrónico: baixominho@bng-galiza.org

Telf. 986 609 009 - Fax 986 609 001

